

BEAUVOIR EN GALEGO

Olga Castro Vázquez

Universidade de Vigo

olgacastro@uvigo.es

[Recibido: 23/7/08; aceptado: 17/10/08]

BEAUVOIR, SIMONE DE. 2008. *O segundo sexo. Vol. I. Os feitos e os mitos*. Tradución de Marga Rodríguez Marcuño con revisión temático-filosófica de África López Souto. Vigo: Edicións Xerais e Secretaría Xeral da Igualdade (Xunta de Galicia).

Non é frecuente que a tradución dun libro ao galego se presente nun hotel compostelán nun espectáculo que conxugue música, palabras e festa. E aínda máis inusual resulta que a sala do hotel estea ateigada de persoas desexosas de escoitar de primeira man as intervencións de quen fixo posíbel a publicación da obra. Inusual, pero certo. Porque todo isto aconteceu o 11 de marzo de 2008, enmarcado no Día da Muller, durante a presentación da tradución ao galego do primeiro tomo da obra *O segundo sexo*, escrito en 1949 pola feminista e filósofa existencialista francesa Simone de Beauvoir (1908-1986) e traducido por Marga Rodríguez Marcuño con revisión temático-filosófica de África López Souto.

Todo este despregamento paratradutivo dá mostra do agardada que era a tradución deste libro, considerado non só unha obra mestra do existencialismo que lle dá status propio a Beauvoir como pensadora independente de Sartre, senón tamén como un fito no feminismo occidental moderno. De feito, na obra, Beauvoir adiántase ao seu tempo e propón ideas das que se nutriría o pensamento feminista posterior, como a explicación da discriminación das mulleres sobre a base da noción do construto social de xénero, por contraposición á categoría biolóxica de sexo. Neste primeiro volume que agora podemos ler en galego, a autora localiza e rastrea o desenvolvemento da opresión das mulleres a través da análise do destino (recorrendo a teorías biolóxicas, psicanalíticas e marxistas) e das fontes históricas, literarias e míticas. E así, conclúe que é unha visión masculina a que determina que é ser muller, polo que todos os aspectos da cultura e da sociedade están dominados pola consideración que se ten das mulleres como a outra, o outro sexo, o segundo sexo. Trala súa pu-

blicación en 1949, en poucos días vendéronse vinte mil exemplares, e o libro axiña se converteu nun *bestseller*. Pouco despois, como é obvio, comezaron a publicarse as preto de medio cento de traducións da obra a outros idiomas. Pero á altura de 2008 nesa listaxe de linguas faltaba o galego. Tivemos que agardar case sesenta anos para que, coincidindo co centenario do nacemento da autora, se incorpore á nosa cultura a voz en galego de Beauvoir, en edición conxunta de Xerais e da Secretaría Xeral da Igualdade e froito tamén da iniciativa impulsada, xa en 1999, por María Xosé Queizán.

Malia ter case sesenta anos, *O segundo sexo* mantén plena vixencia e é dun deses libros coa “virtude de ser contemporáneos moitos anos despois” (como se afirma na contracuberta). Certo é que na actualidade algúns dos seus postulados fican xa “superados” por outras obras máis recentes, pero non se pode esquecer que o libro foi punto de partida de moitas destas achegas. Ademais de permitir que moita xente nova se achegue a Beauvoir por vez primeira, a publicación en 2008 d’*O segundo sexo* ten algún interese engadido. Nesta liña, deixa constancia de que a mensaxe da autora segue a ser pertinente e necesaria e, por riba, permite botar unha ollada retrospectiva e avaliar que se leva acadado en sesenta anos de loita pola igualdade. Abofé que quedan cousas pendentes, pero outras das ideas que Beauvoir adiantaba daquela (e polas que recibiu feroces críticas, insultos e viles descualificacións) considéranse hoxe “normais” e forman parte do noso actual sentido común. Así que, en relación co anterior, extraemos do libro unha interesante lección: o radicalismo feminista de onte é o sentido común de hoxe. E, por extensión, tamén nalgúns eidos o radicalismo de hoxe será o sentido común do mañá.

Desde unha perspectiva máis (para)tradutolóxica, este intervalo ou desfase de case sesenta anos ten tamén consecuencias. Entre as negativas, que nos presente de forma tan evidente a situación anómala en Galiza tanto desde o punto de vista literario como feminista (non esquezamos que hai unha notábel escaseza de libros feministas traducidos ao galego). Agora ben, o contido subversivo da obra foi claramente incompatíbel durante moitos anos cos réximes fascistas que exercían un poder opresor sobre o noso territorio. Como exemplo, a primeira tradución ao español deste libro publicouse en Arxentina (1954) e non foi até 1998 cando se publicou en España como obra independente cunha nova tradución. Caso semellante aconteceu coa tradución ao portugués, publicada primeiro no Brasil (1960) e só en Portugal, xa morto Salazar, en 1975. Claro que isto tampouco é ningunha escusa, pois en 1968 (hai xa corenta anos) si conseguiu ver a luz a tradución catalá *El segon sexe*, malia ser idioma perseguido na época.

Entre as consecuencias positivas, a longa espera polo texto galego fixo que a tradución gañase madurez suficiente e tivese acceso ao vasto corpo teórico sobre a autora e a obra, valorando o seu contido filosófico e feminista. Deste xeito, a tradución dunha feminista coa revisión temático-filosófica dunha doutora en filosofía arreda o texto das apropiacións ideolóxicas por parte

do discurso dominante que si sufriron moitas traducións a outros idiomas de *Le deuxième sexe*, incapaces de ver a contribución fundamental da obra ao feminismo e á filosofía. Por exemplo, a tradución ao inglés do libro (1952), encargada ao zoólogo Howard Parshley por deducir que se trataba dun libro sobre reprodución humana, mutila capítulos enteiros e terxiversa moitos outros argumentos de Beauvoir (aínda que no prólogo se afirme que conta co beneplácito da autora), o que provocou un acedo cruzamento de acusacións entre as feministas francófonas e as anglófonas por estaren a tirar conclusións irreconciliábeis dun libro que, en realidade, afirmaban teses dispares. Por certo, malia as críticas documentadas contra esta tradución, até agora foi a única comercializada para todo o ámbito anglófono, aínda que en breve sairá unha nova tradución en inglés só para territorio británico. Certa apropiación ideolóxica houbo tamén no caso da primeira tradución ao español publicada en Latinoamérica (1954), encargada ao dramaturgo Pablo Palant para publicar nunha editorial de textos de medicina e psicoloxía. As múltiples incorreccións levaron a encargarse unha nova tradución a Juan García-Puente (1999), tradutor das *Obras completas* da autora. Xunto coa galega, da apropiación ideolóxica libráronse a edición española de 1998 (a cargo de Alicia Martorell), pero tamén a catalá de 1968 (de Hermínia Grau e Carme Vilaginés), que xa naquela altura e en pleno franquismo soubo ler e transmitir a relevancia das achegas de Beauvoir.

Outra consecuencia positiva da espera é que as edicións máis serodias introducen elementos paratextuais que axudan a contextualizar e entender a dimensión da obra. En Latinoamérica foi a pensadora feminista María Moreno quen escribiu o prólogo (1999), en España fíxoo a filósofa experta na autora francesa Teresa López Pardina (1998) e en Cataluña encargouse a prolífica autora feminista María Aurèlia Capmany (1968) que, de novo, en pleno franquismo, converte o caso catalán en desexable prototipo que cómpre seguir. A edición galega non defrauda e conta neste caso cun breve pero denso e necesario “Adral” da doutora en filosofía e estudiosa de Beauvoir Carme Adán (que asina como Secretaria da Igualdade) e cun prólogo da revisora temático-filosófica África López Souto, no que introduce o contexto histórico, ofrece a biografía da autora e proporciona as claves de lectura necesarias para interpretar o pensamento da filósofa. No entanto, neste prólogo da revisora ofrécense datas inexactas sobre as publicacións doutras traducións e cáese na asimetría lingüística de nomear a autora constantemente polo seu nome de pía (Simone) en contraposición ao doutros autores como Sartre (p. 12). Isto, malia poder interpretarse como unha mostra de sorodidade e proximidade entre mulleres, ao meu ver potencia a estratexia patriarcal de darlle unha familiaridade á autora que acaba por eivar o seu recoñecemento profesional. Mesmo por veces semella tamén que Beauvoir é unha “outra” respecto a Sartre, pois afirmase por exemplo que «en París, e seis anos despois que Jean-Paul Sartre, morre a autora dunha sólida obra» (p. 21). Por último, sorprende atopar comentarios neste prólogo como «a asunción das mulleres como suxeitas plenas aínda re-

sulta imposible (...). Isto no Primeiro Mundo. Se falamos de culturas doutros ámbitos (africano, musulmán, etc.), sobre os que Simone apenas profundou, a validez da mensaxe de fondo aínda é máis notoria» (p. 21), que denotan unha certa confusión de termos e unha perspectiva eurocentrista: ademais de contrapor dous criterios dispares (xeográfico e relixioso), agóchase a rica e longa historia propia dos feminismos africanos e dos que existen noutros territorios onde se profesa a relixión musulmá.

Alén diso, nesta análise paratradutiva comparada cómpre mencionar que se agradece a publicación da obra en dous volumes que saen do prelo cun intervalo de meses¹, recreando así a situación orixinal no sistema francés, e contra a tendencia actual de editar un só tomo: se ben a tradución ao inglés se presentou xa desde sempre como un só libro, en época recente a segunda tradución ao español de Latinoamérica (1999) xunta a obra nun só volume, como fai tamén a segunda edición da tradución a castelán (2005).

Xa que logo, podemos concluír que temos a posibilidade de ler en galego unha reescritura do pensamento de Beauvoir arrodeada de elementos paratradutivos cuxas autoras transmiten unha determinada ideoloxía con transparencia e informan con honestidade de como presentan o libro na sociedade e cultura galega. Visíbel, e polo tanto transparente e honesta, tamén é a tradutora, que nun breve capítulo titulado “Arredor da tradución galega” explica a súa lectura do texto orixinal e as estratexias que aplicou na súa reescritura da obra de Beauvoir, achegando elementos de análise que permiten cualificar a súa tradución de consciente e responsábel. A visibilidade, por certo, é parte indispensable da ética que reivindicán (entre outros) os feminismos tradutolóxicos, pois só así se garante que a interpretación non sexa inconsciente e, daquela, inxenuamente acorde á ideoloxía dominante. Neste seu paratexto, a tradutora dá a coñecer de que texto partiu para facer a súa reescritura (a reedición francesa de 1999). Aclara tamén que, ante a inexistencia de ferramentas lingüísticas na combinación francés-galego, recorreu a traducións noutros idiomas como un instrumento de referencia útil a partir das cales adoptar propostas propias para o galego. Porén, chama a atención que a tradución arxentina que consultou é unha reedición da elaborada por Palant en 1954, cuxas múltiples incorreccións provocaron que a obra se volvесе traducir para Latinoamérica en 1999, como xa mencionei. Ter consultado este último texto podería serlle, sen dúbida, de máis axuda.

Ademais diso, Marga Rodríguez Marcuño dedica o resto do capítulo a explicar abertamente cales foron as súas estratexias lingüísticas á hora de reescribir algúns elementos recorrentes. Aínda valorando de forma moi positiva este paratexto da tradutora, semella concibirse desde unha certa distancia que lle impide comunicarlle á audiencia galega de forma explícita o seu po-

¹ No peche de edición desta revista, a editorial estimaba que a publicación do segundo volume *O segundo sexo. II. A experiencia vivida* tería lugar en decembro de 2008.

sicionamento como mediadora, polo que no capítulo non se reflicte o diálogo e negociación que en realidade a tradutora establece coa textualidade e coa autora nas páxinas posteriores.

En calquera caso, o primeiro dos elementos que comenta é o dilema de tradución que lle provocou a especial forma de puntuar de Beauvoir, pois a autora intercala explicacións e exemplos con fin didáctico, e documenta con citas as súas argumentacións, o que por outra parte é representativo dunha época, corrente intelectual e forma de pensar. Fronte a isto, como podemos comprobar ao longo das 460 páxinas deste primeiro tomo, a tradutora non neutraliza nin borra as marcas bovuarianas (atinado neoloxismo da propia tradutora, presentado no prólogo) co ánimo de “adaptala” ao presente, senón que estranxeiriza o seu texto até onde a lingua galega permite. Así mesmo, aclara opcións léxicas que sen dúbida posibilitan unha mellor comprensión da obra desde a perspectiva filosófica (a tradución de «prise sur le monde» como «apreixo do mundo») e feminista (a tradución do termo de xénero neutro en francés «l'autre» como «a outra» ou «o outro» dependendo do caso). Con esta última reflexión a tradutora asume con responsabilidade o seu (difícil, como ela mesma indica) papel de decididora consciente de cando «l'autre» fai referencia á alteridade feminina, pois usar un masculino xenérico levaría a unha comprensión nesgada de Beauvoir, ademais de ser incoherente coa argumentación filosófica da autora. Que a tradutora fale deste dilema de tradución abertamente ten unha importante función subversiva a dous niveis: no filosófico, amplía o concepto filosófico de alteridade, até entón pensado polo xeral en masculino-universal; e no feminista, dálle ferramentas ao público lector para que poida facer unha lectura de xénero doutras traducións ao galego e do papel ideolóxico que a tradutora desempeña inexorablemente na tradución do xénero gramatical (aínda que polo xeral, as súas escollas só se cuestionen cando non concordan coa ideoloxía dominante). Emporiso, a tradutora afirma respecto a «l'autre»: «deixámolo en masculino cando Simone emprega a palabra en sentido universal» (p. 27). Pero entón temos que preguntarnos se, en coherencia co anterior, non tería sido posíbel «forzar un pouco a lingua e deixar atrás» (p. 27) a visión androcéntrica do mundo que ve o masculino como universal e xenérico, avogando por fórmulas verdadeiramente inclusivas como *outridade*, *outra/o*, *a outra/outro*, etc. Son consciente de que quizais esta apreciación xurda dunha análise hipercrítica do seu traballo (porque co advertido pola tradutora xa sabemos que cando o termo aparece en feminino se refire ás mulleres, e cando aparece en masculino se trata do universal), pero aínda así, podería interpretarse que con esta estratexia tradutora no fondo se está a lexitimar que o home/masculino é o universal e a muller/feminino o particular á norma, xustamente o que denuncia a autora francesa na súa obra.

Outro dos grandes dilemas que presenta a tradución dun libro tan denso e cheo de citas e referencias bibliográficas que foi escrito en gran parte nun café, é que moitas destas citas son aproximativas e de memoria. O problema

xa o adiantara a revisora temático-filosófica no prólogo: «Beauvoir enriquece a súa exposición con citas, aínda que ás veces non moi ben referenciadas» (p. 17). Fronte a este problema, a tradutora neste caso decide renunciar a facer unha busca/actualización/corrección das obras citadas por Beauvoir. Sostén: «en canto aos títulos das obras (...) optouse por mantelas tal e como ela as citou (case sempre en francés, e non no idioma orixinal)» (p. 28). De novo, resulta até certo punto comprensíbel que en galego se manteñan os títulos en francés tal cal os citou Beauvoir porque ese foi o texto (mediado polo labor do tradutor/a) que a autora francesa leu, e porque da inmensa maioría deles non hai tradución ao galego que ofrecer para que o público consulte. Con todo, deixar sen máis a referencia francesa sen corrixir ou actualizar semella incoherente coa estratexia da tradutora de guiar e acompañar na lectura a audiencia galega, por moito que si ofrezca en corchetes unha proposta de tradución en galego. Ao renunciar a este labor de busca, non lle ofrece á audiencia galega datos fiábeis sobre as obras, o que resulta se cabe contraproducente co obxectivo de darlle vixencia ao pensamento de Beauvoir no momento actual. Máxime, tendo en conta que o texto francés (e por conseguinte, tampouco o galego) non incorpora ao final unha listaxe da bibliografía citada.

Esta posíbel carencia queda, no entanto, compensada e diluída no medio das explicacións específicas e detalladas que incorpora a tradutora ao longo das súas setenta N. da T., que sumadas ás propias da obra orixinal chegan ás 292. Cunha certa dose de estranxeirización/estranhamento, igual que fixera coa forma de puntuar, a tradutora opta por manter en francés e cursiva moitos dos elementos culturais aos que fai referencia Beauvoir, aínda que sempre acompañándonos na lectura cos seus comentarios e explicacións de precisión exquisita para permitírnos unha interpretación completa do pensamento de Beauvoir, matizada e coas menos perdas posíbeis, o que nos sitúa nunha situación privilexiada respecto da situación de recepción da audiencia orixinal (a quen a autora non guiou na lectura). Son explicacións sempre visíbeis na páxina, pero lonxe de incorporalas no mesmo texto (onde á tradutora lle sería imposible marcar coa súa sinatura os comentarios), aparecen a rodapé. En efecto, as notas a rodapé son os elementos paratradutivos (peritradutivos, para ser máis exacta) onde máis se escoita a ideoloxía da tradutora. Así, por exemplo, di: «pero ao casar a muller cae baixo a tutela e *main-bournie*⁷¹ do marido; pode bater nela», incorporando unha nota a rodapé para explicar que «71. Na época franca, especie de tutela exercida polos grandes sobre individuos e comunidades (N. da T.)» (p. 200). Ou: «a opinión dunha gran maioría é hostil ás *bas bleus*⁸⁶» que completa coa nota «86. Literatas pedantes. Tradución do inglés *blue-stocking*, aplicado ao salón literario de Lady Montagne, e por extensión ás mulleres con pretensións literarias, que asistían a este tipo de salóns (N. da T.)» (p. 219). E cando nalgún caso traduce a referencia cultural ao galego, aproveita a nota explicativa para indicar alí cal é o termo en francés: «houbo mulleres-soldado antes que Xoana de Arco, e malia que Doncela⁷⁰ abraia, non escandaliza», cun-

ha nota «70. Xoana de Arco é a Doncela de Orleáns; en francés, *Pucelle* (N. da T.)» (p. 200), aínda que neste caso concreto se podería completar a explicación dando conta da connotación de virxindade asociada ao termo francés.

En definitiva, a lectura d' *O segundo sexo* é fluída e agradecida, conxuga con moito tino a corrección do galego con estratexias que non neutralicen as características definitorias da escrita de Beauvoir. E a tradución é consciente, rigorosa e moi coidada, cunha tradutora que se fai visíbel na introdución ao texto para responsabilizarse do seu labor de mediación, e tamén nas numerosas notas a rodapé, converténdose deste xeito en guía imprescindíbel da nosa lectura. Houbo que agardar case sesenta anos, pero a espera non foi de balde. Abofé que o panorama literario, filosófico e feminista galego fica agora enriquecido coa aparición desta virtuosa tradución que leva por título *O segundo sexo*.

